

## ÍNDICE

- Requisitos de instalación e visualización. \_\_\_\_\_ Páx. 2
  
- Descrición do proxecto. \_\_\_\_\_ Páx. 3
  
- Guía dos contidos elaborados.
  - Música \_\_\_\_\_ Páx. 5
  
  - Ciencias Naturais \_\_\_\_\_ Páx. 10
  
  - Tecnoloxía \_\_\_\_\_ Páx. 14
  
  - E.P.E.V. \_\_\_\_\_ Páx. 20
  
  - Inglés \_\_\_\_\_ Páx. 23
  
  - Educación Física \_\_\_\_\_ Páx. 32

- Requisitos de instalación e visualización.

Os contidos elaborados non requiren ningunha instalación especial. Están elaborados en Flash e incluídos en páxinas web tipo html polo que para a súa instalación basta con publicar a carpeta AULA do cdrom nun servidor web.

Tampouco existen requisitos de hardware particulares para a súa visualización. Basta calquera ordenador capaz de executar Internet Explorer e con tarxeta de son instalada.

As páxinas visualízanse correctamente a unha resolución de 800\*600 en calquera navegador pero están optimizadas para:

*Internet Explorer 6*  
*Resolución de 1024\*768*

Ademais para a súa correcta visualización será necesario ter instalados os seguintes programas:

*Macromedia Flash Player 7*  
*Adobe Acrobat 5.0 ou superior.*

*que se poden encontrar na carpeta "software" do CD que acompaña á documentación.*

Os contidos presentados a concurso tamén se poden consultar na páxina web do IES RÍO MIÑO:

<http://centros.edu.xunta.es/iesriomino/aula>

Todas as animacións e exercicios interactivos que se inclúen neste traballo foron elaborados en Flash polo profesorado que se detalla na folla de participación, sen que procedan doutras páxinas web, enciclopedias...

## ▪ Descrición do proxecto.

Neste proxecto traballouse na creación de contidos multimedia interactivos que fosen á vez entretidos para o alumno e de utilidade para o profesor á hora de abordar un determinado tema que, empregando estratexias máis tradicionais, resultaría máis árido e complexo.

Tamén se consideraron de utilidade este tipo de contidos naqueles casos en que permitan ó alumno realizar un determinado exercicio (por exemplo de audición) todas as veces que necesite permitíndolle avanzar ó seu propio paso.

Elexiuse o contorno web e o programa Macromedia Flash como ferramenta xa que deste xeito os contidos abordados están dispoñibles tanto como apoio a unha clase no instituto como ó alumno na súa propia casa se dispón de acceso a Internet.

Como método de traballo seguíronse os seguintes pasos:

1. Elección do tema a desenvolver e diseño sobre o papel das distintas páxinas, actividades e animacións necesarias.
2. Búsqueda de imaxes, vídeos, e outros elementos necesarios.
3. Elaboración en Flash das animacións e actividades.
4. Integración do material elaborado.

Como sistema de navegación elexiuse o seguinte: dende a primeira páxina pode accederse ás distintas materias disponibles como se pode observar na seguinte imaxe.



Unha vez escollida a materia encontrámonos cunha pantalla de benvida similar á seguinte:



Dende esta pantalla o alumno pode acceder ás distintas unidades didácticas elaboradas nesa materia ou ben eleixir unha materia distinta empregando o grupo de botóns existente na parte inferior esquerda.

Se o alumno selecciona unha unidade didáctica, a navegación vólvese lineal, xa que tal e como están deseñadas as actividades non sería lóxico que poidese cambiar libremente de unidade didáctica ou de materia antes de rematar o que está facendo.

# Guía Didáctica: Música.

Na área de música elaboráronse dúas unidades didácticas “**As voces humanas**” e “**A orquestra**” que se presentan a continuación. O alumno pode elixir entre ambas unidades a partir dunha páxina de benvida.

## U.D.: As Voces Humanas. 2º Curso de E.S.O.

A presente unidade didáctica foi, coa finalidade de facilita-lo coñecemento dos diferentes tipos de voz humana e as características de cada un deles ó seu alumnado.

Pica nos círculos e escoita atentamente as seguintes voces:

# NENOS

- Teño a voz máis aguda de neno.
- Segundo a cor e o timbre da miña voz, poiso ser:
  - Lírico: a máis aguda de todas as sopranas. Fago moitos adornos e acrobacias musicais con limpeza e exilidade.
  - Dramático: voz máis grave dentro das sopranas. Con máis potencia nos sons graves.

O tema foi escollido polo interese que posúe dentro da Área, xa que a discriminación auditiva de cada un dos timbres da voz é indispensable para unha boa comprensión das audicións que prescribe o programa, ó mesmo tempo que constitúe un dos coñecementos culturais de base que debe adquirir toda persoa.

### 1.-OBXECTIVOS.-

- Recoñecer e discriminar auditivamente os diferentes tipos de voz humana.
- Asociar os diferentes timbres de voces de nenos, mulleres e homes co tipo de voz ó que pertencen.
- Clasificar diferentes fragmentos de voces humanas nas tesituras máis extremas, dentro do seu tipo de voz.
- Asociar palabras axeitadas que expresen algunha das características das diferentes voces de neno, muller, e home.
- Familiarizar ó alumno coa escoita de voces debidamente educadas para o canto.

## 2.- CONTIDOS.-

### A).-Conceptos.-

- A voz humana. Tipos de voz. Discriminación e clasificación.

### B).- Procedementos.-

- Presentación das diferentes tesituras de voz de nenos, mulleres e homes.
- escoita de varios fragmentos de obras maestras escritas para voz humana.
- Diferenciación dos timbres que posúen cada unha das voces escoitadas
- Asociación de cada un dos fragmentos escoitados coa tesitura á que pertence a voz que o interpreta.

### C).- Actitudes.-

- Apreciación das posibilidades sonoras dunha voz debidamente traballada, e do esforzo que supón chegar a acadar ese dominio da voz.
- Disfrute coa escoita dos diferentes sons que se mostran na actividade e cos xogos que propón a páxina.
- Gusto e interese pola adquisición de coñecementos que pertencen ó patrimonio cultural.
- Desenvolvemento da capacidade de concentración e discriminación auditiva necesarias para a correcta asociación dos conceptos que se pretenden adquirir.

## 3.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.-

Observar mediante a realización das propias actividades, o grao en que se acada:

- A discriminación dos diferentes timbres da voz humana.
- A asociación de cada voz coas súas características.
- A clasificación segundo a súa altura e timbre nos diferentes tipos de voz.
- A familiarización coa escoita das diferentes tesituras propias da voz humana.

## U.D.: A Orquestra.

A presente unidade didáctica foi elaborada coa finalidade de facilitar o coñecemento dos instrumentos da orquestra ó seu



alumnado. O tema foi escollido polo interese que posúe dentro da área, xa que a discriminación auditiva e visual de cada un deles é indispensable para unha boa comprensión das audicións que prescribe o programa, ó mesmo tempo que constitúe un dos coñecementos culturais de base que debe posuír toda persoa.

### 1.-OBXECTIVOS.-

- Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da orquestra.
- Asociar os instrumentos musicais da orquestra clásica coa súa familia e, dentro da familia, coa sección á que pertencen, se é o caso.
- Clasificar estes instrumentos por familias e seccións ás que pertencen.
- Situar sobre o escenario cada instrumento no lugar que ocupa dentro da orquestra.

### 2.- CONTIDOS.-

#### A).-Conceptos.-

- Os instrumentos da orquestra clásica.
- Discriminación e clasificación

#### B).- Procedementos.-

- Recoñecemento auditivo e visual de cada un dos instrumentos.
- Asociación de cada instrumento co seu nome e o seu son.
- Asociación de cada instrumento coa familia á que pertence.
- Diferenciación dos timbres dos distintos instrumentos que compoñen a orquestra.

- Colocación de cada instrumento no lugar que lle corresponde dentro da orquestra.
- Identificación do instrumento que está a soar.

### C).- Actitudes.-

- Disfrute coa escoita dos diferentes sons que se mostran na actividade e cos xogos que propón a páxina.
- Gusto e interese pola adquisición de coñecementos que pertencen ó patrimonio cultural.
- Desenvolvemento da capacidade de concentración e discriminación auditiva necesarias para a correcta asociación dos conceptos que se pretenden adquirir.
- Observar mediante a realización das propias actividades, o grao en que se acada:
  - A discriminación dos diferentes sons.
  - A asociación dos instrumentos cos seus nomes e os seus sons.

### 3.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.-

Observar mediante a realización das propias actividades, o grao en que se acada:

- A clasificación por familias e seccións dentro de cada unha delas.
- A correcta colocación de cada instrumento no lugar que lle corresponde dentro da orquestra.

# Guía Didáctica: Ciencias Naturais.

Esta unidade pretende ser unha axuda práctica e complementaria doutros traballos que se poidan desenvolver con estes contidos. Aporta elementos presentes na tectónica de placas que entrañan dificultades pola súa natureza e que se deben apoiar con outros recursos diferentes que os poñan de manifesto: Falamos de movemento e tempo xeolóxico, de sucesos que acontecen durante moitos millóns de anos e que producen un efecto final visible. Pero tamén falamos de sucesos impetuosos e que se producen nun tempo moi breve.

## U.D.: Tectónica de Placas. 4º Curso de E.S.O.

### 1.-OBXECTIVOS.-

- Localizar as zonas estables e inestables da Terra.
- Asocia-las estruturas que se forman nos límites de placas como consecuencia dos movementos entre elas.
- Recoñecer as placas litósfericas e os fenómenos asociados ó seu movemento.

### 2.- CONTIDOS.-

- Distribución xeográfica de volcáns e terremotos.
- Placas litósfericas.
- Tipos de límites de placas.
- robas da tectónica de placas.
- Fenómenos asociados ó movemento de placas.

### 3.- DESCRIPCIÓN.-


A unidade consta dunha páxina de inicio e outras 8 a maiores, que van introducindo ós alumnos/as en cuestións cada vez máis complexas. Non pretende ser unha mera exposición de feitos e case tódalas páxinas rematan con preguntas que se plantexan e sobre as que os alumnos poden reflexionar e traballar e ás que se dan resposta na páxina seguinte.

**Páxina de inicio:** Coméntase dous sucesos curiosos e inéditos: A desaparición da isla Krakatoa e posteriormente o nacemento dunha nova isla, e a formación do volcán Paracutín.

**Páxina 1:** Distribución de cordais, volcáns e terremotos nos últimos anos. Nun mapamundi sitúanse os volcáns, sismos e cordilleiras máis importantes.

**Páxina 2:** Mapa de placas litosféricas. No mapa de placas tectónicas, se sitúan todas elas co seu nome. Ademais existe a opción de superpoñer este mapa co da páxina anterior para observar as coincidencias entre os bordes de placas e a situación dos volcáns e terremotos.

**Páxina 3:** Wegener e a deriva continental. A páxina comenza cunha breve biografía de Wegener, geofísico alemán que atopou nos seus estudos evidencias de que tódolos continentes antes estiveran unidos formando un gran supercontinente. Nesta páxina se mostran a través de mapas algunhas desta coincidencias: Probas paleontolóxicas e xeolóxicas .



**Páxina 4.** A deriva continental.

Hai un mapa donde se vai visionando a Deriva continental desde fai 200 m.a. (existencia do supercontinente Pangea) ata o estado actual en como se atopan os continentes hoxe en día. Ademais é posible ver a situación nese momento dos fragmentos continentais en cada intervalo de tempo.

**Páxina 5:** Probas recentes sobre a Deriva continental.

Se presentan algúns exemplos de probas que avalan a teoría da Deriva:

- Estudio dos sedimentos dos fondos marinos no Océano Atlántico. Se plantexan algunha serie de cuestións sobre o grosor e a idade das rochas nos puntos de sondeo.
- Existencia de cordilleiras submarinas ou dorsais.

**Páxina 6:** ¿Qué ocorre cando dúas placas chocan?

A páxina se introduce cun video moi cortiño sobre os choques de placas e as súas consecuencias. A visualización do choque de placas tamén se apoia con esquemas gráficos que poñen de manifesto os distintos casos de choques que hai.

**Páxina 7:** ¿ Que ocorre cando dúas placas se separan?

Descrición moi breve de cómo se produce un novo océano e unha dorsal.

Páxina 8: ¿Qué ocorre cando dúas placas se desplazan lateralmente?



Unha breve explicación do que é unha falla transformante, acompañada dunha foto da falla de S. Andrés. Esta nos introduce nun video que nos ilustra sobre os terremotos que sacudiron esta zona.

# Guía Didáctica: Tecnología.

Esta unidade pretende ser un apoio a outras actividades posibles para abordar o coñecemento das Redes Informáticas. Dun xeito ameno e entretido empréganse webquest para facer que os alumnos busquen información e asenten os seus coñecementos sobre este tema.

Os alumnos encóntranse con pantallas similares ás seguintes nas que se lles presenta unha ou dúas cuestións e unha serie de enlaces nos que buscar a información necesaria para poder contestalas:

Presiona os seguintes informadores para coñecer as ventaxas das redes de ordenadores:

<http://www.educa.aragob.es/cprcalat/cursosryc/redes/modulo1/unidad2.htm>

<http://www.ujaen.es/sci/redes/conex/redmicrosoft/introduccion.htm>

¿É posible compartir unha impresora nunha rede?. (Si/non)

¿É posible compartir bases de datos nunha rede?. (Si/non)

Botón continuar/correxir

Casilla para introducir a resposta

Enlaces as fontes de información

Se responden ás preguntas correctamente poderán avanzar á seguinte proba. Se unha calquera das respostas é incorrecta non poden continuar e aparece unha mensaxe de erro como a seguinte:

Presiona os seguintes informadores para coñecer as ventaxas das redes de ordenadores:

<http://www.educa.aragob.es/cprcalat/cursosryc/redes/modulo1/unidad2.htm>


<http://www.ujaen.es/sci/redes/conex/redmicrosoft/introduccion.htm>

¿É posible compartir unha impresora nunha rede?. (Si/non)

¿É posible compartir bases de datos nunha rede?. (Si/non)

**Nota:** *Se unha resposta é incorrecta a mensaxe de erro aparece nas casillas aínda que unha delas se contestase correctamente!*

Na terceira webquest, a medida que se van acumulando erros, transcurre unha animación na que cando se totalizan 8 equivocacións se obriga ó alumno a repetir a actividade desde o comenzo.



Nesta terceira webquest tamén existe unha escea na que a pista que se lle proporciona ó alumno en lugar de ser unha páxina web, é un vídeo que debe observar atentamente para logo repetir os pasos nel indicados no seu propio ordenador.

Como última actividade preséntase un "interrogatorio" que nos serve para avaliar o grao de coñecementos adquirido polo alumno. O formato elixido para esta proba é o seguinte: o alumno deberá responder catro preguntas correctamente e de xeito consecutivo, ata que non o logre estarase executando continuamente un "carrusel" de preguntas. Ó longo da proba contabilízase o número de acertos e de erros na parte inferior da pantalla como se pode observar na seguinte imaxe:

**INTERROGATORIO:**

¿Pode haber dous ordenadores coa mesma IP nunha mesma rede?

Introduce a túa resposta

Acertos  Consecutivos  Fallos

Ó terminar, preséntaselle ó alumno unha nota numérica e unha mensaxe de texto que varía según a nota obtida.

## U.D.: Redes Informáticas. 2º Ciclo de E.S.O.

### 1.-OBXECTIVOS.-

- Coñecer os fundamentos das redes informáticas.
- Valorar as ventaxas das redes de ordenadores.
- Coñecer a red existente na propia aula de informática e a súa configuración.
- Recoñecer e valorar Internet como fonte de información.

### 2.- CONTIDOS.-

- Elementos hardware que compoñen unha rede informática.
- Ventaxas das redes informáticas.
- Tipos de redes.
- Protocolos de rede.
- Dirección IP.

### 3.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.-

Observar mediante a realización das propias actividades, o grao en que se acada:

- Os coñecementos dos compoñentes de software e hardware dunha rede.
- A valoración do uso de Internet como fonte de información.

## SOLUCIONARIO ACTIVIDADES.

As respostas poden introducirse en maiúsculas ou minúsculas. É importante prestar atención ós tildes, xa que son tidos en conta á hora de dar a resposta por boa ou non.

### ACTIVIDADE I.

- **Primeira pista:**
  - Respostas: SI nas dúas cuestións.
- **Segunda pista:**
  - Resposta: LOCAL AREA NETWORK
- **Terceira pista:**
  - Resposta: BUS

### ACTIVIDADE II.

- **Primeira pista:**
  - Respostas: SI á primeira cuestión e PCI á segunda
- **Segunda pista:**
  - Resposta: 100
- **Terceira pista:**
  - Resposta: SI
- **Carta pista:**
  - Resposta: PAR TRENZADO
  - Resposta: SI

### ACTIVIDADE III.

- **Primeira pista:**
  - Resposta: SI
- **Segunda pista:**
  - Resposta: SI
- **Terceira pista:**
  - Resposta: SI
- **Carta pista:**
  - Resposta: Marcar a segunda opción.

## INTERROGATORIO

- Pregunta 1 = "¿A rede da aula de informática é unha LAN?"
  - resposta 1 = si
- pregunta2 = "¿Qué tarxetas de redes se usan máis: PCI ou ISA?"
  - resposta 2 = pci
- pregunta3 = "¿Pode haber dous ordenadores coa mesma IP nunha mesma rede?"
  - resposta 3 = non
- pregunta4 = "¿Qué rede é máis extensa xeográficamente: LAN, WAN ou TANG?"
  - resposta 4 = wan
- pregunta5 = "¿TCP son as siglas de Transfer Cool Protocol?"
  - resposta 5 = non
- pregunta6 = "¿Qué dispositivo distribúe mellor o tráfico dunha rede: un HUB ou o Switch?"
  - resposta 6 = switch
- pregunta7 = "¿Un Hub é o mesmo que un concentrador?"
  - resposta 7 = si
- pregunta8 = "¿O cable de par trenzado é un cable de rede?"
  - resposta 8 = si
- pregunta9 = "¿SMTP é un protocolo de correo electrónico?"
  - resposta 9 = si
- pregunta10 = "¿Poderemos facer unha rede con tres ordenadores, un hub e dúas tarxetas de rede?"
  - resposta 10 = non
- pregunta11 = "¿Un distribuidor e un Switch son a mesma cousa?"
  - resposta 11 = non


# Guía Didáctica: Plástica.

A unidade didáctica do autorretrato axuda á socialización dos alumnos no seu medio, cunha actitude reflexiva e crítica sobre si mesmos, levándoos a un maior nivel de interiorización e de madurez.

Os alumnos a través do autorretrato desenvolven a capacidade de expresar vivencias e experiencias persoais, que lles facilitan relacionarse e integrarse no seu medio de modo propio e persoal.

Os contidos multimedia elaborados son unha introducción o mundo dos autorretratos, servindo como orientación e motivación ós alumnos antes de que teñan que facer o seu no taller de plástica.

Unha vez que accede á páxina de inicio o alumno simplemente debe ir lendo os textos e picando nas distintas imaxes que aparecen.



Finalmente se chega a unha páxina que permite observar autorretratos de cursos pasados, para que o alumno lle sirvan como referencia, e para comparar a evolución dos autorretratos coa idade.



### 1.-OBXECTIVOS.-

- Favorece-la deshinibición para así posibilitar unha maior capacidade de expresión a través da linguaxe visual e plástica.
- Desenvolve-la capacidade de observación, potenciando as propias capacidades de representar formas e ideas.

### 2.- CONTIDOS.-

- Valoración do autorretrato como xeito para coñecerse a un mesmo.
- Concepto de autorretrato: máis como contido que como forma. Imaxe realista dun mesmo.
- Autorretrato como composición: imaxe central e fondo como espacio a desenvolver historias persoais, gustos e aficións.

### 3.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.-

Observar mediante a realización das propias actividades, o grao en que se acada:

- Interés amosado polo alumno á hora de visualizar os contidos.

# Guía Didáctica: Inglés.

—MISSION SPACE—	
NIVEL	1º BAC (4º ESO)
ACTIVIDADE	TRABALLO INDIVIDUAL, ESCOITA.
OBXECTIVOS	1) COMPRENDE-LA INFORMACIÃO MÁIS IMPORTANTE DUN TEXTO PERIODÁSTICO . 2) TRABALLA-LA ÁREA TEMÁTICA DA DIVERSIÓN E OCIO A TRAVÉS DA ESCOITA. 3) FOMENTA-LA AUTONOMÍA DO ALUMNO NA APRENDIZAXE.
CONTIDOS	1) ADQUISICIÃO DE VOCABULARIO RELACIONADO COS PARQUES TEMÁTICOS E AS VIAXES ESPACIAIS. 2) PRÁCTICA DE COMPRENSIÓN AUDITIVA.
PREPARACIÓN	LEVA-LOS ALUMNOS Á AULA DE INFORMÁTICA.
DURACIÓN	UN PERÍODO LECTIVO DE 50 MINUTOS.
METODOLOXÍA	O PROFESOR EXPLICARÁ OS ALUMNOS O CONTIDO DA PÁXINA E A FORMA DE CUMPLIMENTA-LAS TAREFAS.  UNHA VEZ FEITO ISTO, OS ALUMNOS TRABALLARÁN DE FORMA INDIVIDUAL E INDEPENDENTE, RECLAMANDO A AXUDA DO PROFESOR SE FOSE PRECISO.  Ó REMATE DA ACTIVIDADE O PROFESOR PODERÁ COMPROBA-LOS RESULTADOS DOS SEUS ALUMNOS, CO FIN DE SUBSANAR AQUELAS CARENCIAS QUE SE OBSERVEN, OU CONTINUAR COA UNIDADE DIDÁCTICA.

**Descrición da pantalla de traballo:** En xeral o entorno empregado para as actividades ten un aspecto similar ao descrito a continuación:

The screenshot shows a blue interface for 'EXERCISE 1'. It includes a rocket icon, a speaker icon, and two sentences with input fields. Callouts explain: a yellow bubble points to the speaker icon with the text 'Pica para escoitar o fragmento de audio correspondente a iste exercicio'; a green bubble points to a checkmark icon with the text 'Pica para correxir o exercicio'; and a blue bubble points to a 'Video' button with the text 'Seguinte actividade'.

**EXERCISE 1**

Listen and complete the following sentences:

a) Mission space is a high-tech simulator   
that takes guests on a  to

b) Old Walt Disney said "Many of the  that seem  
 now will become

✓ **Video**

Pica para escoitar o fragmento de audio correspondente a iste exercicio

Pica para correxir o exercicio

Seguinte actividade

POOR CHILDREN	
NIVEL	2º BAC (4º ESO)
ACTIVIDADE	TRABALLO INDIVIDUAL, ESCOITA.
OBXECTIVOS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1) COMPRENDE-LA INFORMACIÓN MÁIS IMPORTANTE DUN TEXTO PERIODÍSTICO AUTÉNTICO.</li> <li>2) TRABALLA-LA ÁREA TEMÁTICA DA POBREZA NO MUNDO A TRAVÉS DA ESCOITA.</li> <li>3) FOMENTA-LA AUTONOMÍA DO ALUMNO NA SÚA APRENDIZAXE.</li> <li>4) INCLUI-LOS TEMAS TRANSVERSAIS NA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA</li> </ol>
CONTIDOS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1) PRÁCTICA DA COMPRENSIÓN AUDITIVA A TRAVÉS DUN TEXTO PERIODÍSTICO.</li> <li>2) ADQUISICIÓN DE VOCABULARIO RELACIONADO COS NENOS EN CONDICIÓNS DE POBREZA.</li> <li>3) CONCIENCIACIÓN DA EXISTENCIA DE POBREZA NO MUNDO E A SÚA REPERCUSIÓN NA INFANCIA.</li> </ol>
PREPARACIÓN	LEVA-LOS ALUMNOS Á AULA DE INFORMÁTICA.
DURACIÓN	UN PERÍODO LECTIVO DE 50 MINUTOS.
METODOLOXÍA	<p>O PROFESOR EXPLICARÁ ÓS ALUMNOS O CONTIDO DA PÁXINA E A FORMA DE CUMPLIMENTA-LAS TAREFAS.</p> <p>UNHA VEZ FEITO ISTO, OS ALUMNOS TRABALLARÁN DE FORMA INDIVIDUAL E INDEPENDENTE, RECLAMANDO A AXUDA DO PROFESOR SE FOSE PRECISO.</p> <p>Ó REMATE DA ACTIVIDADE O PROFESOR PODERÁ COMPROBA-LOS RESULTADOS DOS SEUS ALUMNOS, CO FIN DE SUBSANAR AQUELAS CARENCIAS QUE SE OBSERVEN, OU CONTINUAR COA UNIDADE DIDÁCTICA.</p>

**Descripción da pantalla de traballo.** En xeral o entorno empregado para as actividades ten un aspecto similar ao descrito a continuación:

The screenshot shows a software interface for 'EXERCISE 2' under the heading 'General information'. It features a red sidebar on the left. The main content area is divided into several sections:

- Occupation:** A list of three items, each with a blue square icon:
  - Teaching children about photography
  - Helping children with their problems
  - Learning to be a professional photographer
- Sentence completion:** A text box containing the sentence "She started to take photographs [ ] years ago." with a white input field for the missing number.
- First possession:** A text box containing the sentence "a [ ]" with a white input field for the missing word.
- Navigation and Feedback:** At the bottom right, there is a green circular area containing an information icon (a lowercase 'i' in a square), a speaker icon, a yellow checkmark, and a yellow arrow labeled "Next".

Three blue callout boxes with white text are overlaid on the interface:

- A box labeled "Axuda" points to the information icon.
- A box labeled "Reproducir audio" points to the speaker icon.
- A box labeled "Correxir" points to the "Next" button.

## SOLUCIONARIO ACTIVIDADES.

### **Solucionario da actividade: POOR CHILDREN**

#### 1. Exercício 1

It's about how children in poor countries can make their living through photography.

#### 2. Exercício 2a

- 1) Teaching children about photography
- 2) nine
- 3) camera

#### 3. Exercício 2b

- 1) six
- 2) drug addict
- 3) mother

#### 4. Exercício 2c

- 1) A small house made of tin
- 2) Guatemala
- 3) slum

#### 5. Exercício 3

Linda's mother ⇒ 1

Linda ⇒ 2

The reporter ⇒ 3

The photographer ⇒ 4

## 6. Exercício 4

F  
F  
T  
T  
F  
T  
T

## 7. Exercício 5

- 1) express
- 2) say
- 3) lives
- 4) country

## Solucionario da actividade: MISSION SPACE

### ▪ Exercício 1:

- a. Primeira frase: adventure, mision, Mars.
- b. Segunda frase: things, imposible, realities, tomorrow.

### ▪ Exercício 2:

T  
F  
T  
F  
T  
F  
T

### ▪ Exercício 3:

- a. Correctas a primeira opción e a última.

### ▪ Exercício 4:

- a. very realistic

## **Solucionario das actividades de vocabulario: POOR CHILDREN**

### ▪ Exercício 1:

- 1) poverty
- 2) dirt
- 3) career
- 4) drug addict
- 5) slum
- 6) rubbish dump
- 7) hopeful future
- 8) gang

### ▪ Exercício 2:

- 1) dirt
- 2) gang
- 3) slum

# Guía Didáctica: Educación Física.

## PRESENTACIÓN

A xustificación desta U.D. de Condición Física e Saúde fundaméntoa nas declaracións efectuadas por representantes da OMS; e na consecución dos obxectivos xerais fixados na área de E.F. para a ESO.

### **A OMS (Organización Mundial da Saúde) Anima a Facer Exercicio Físico Saudable.**

**“Non fai falta ser un atleta para manterse sano”.** Así comenza o informe da OMS sobre a Actividade Física e a Saúde. A reunión informal sobre Vida Activa que tivo lugar en Ginebra chegou á conclusión de que un estilo de vida activo é unha boa forma de manter a saúde e o benestar persoal ó longo de toda a vida. O director xeral da OMS (N.P. Napalkov) declarou que existen probas sólidas de que **“o exercicio físico regular proporciona beneficios físicos, mentais e sociais a calquera idade e contribúe efectivamente a millorar a calidade de vida**. A vida sedentaria e as enfermidades que esta xenera obrigan a recurrir a estratexias tan simples, eficientes, seguras e baratas como o exercicio físico”.

Añadindo :

*“Estas actividades deben ser promovidas polos colexios, os traballos e a comunidade en xeral”*

**OS OBXECTIVOS XERAIS** que a **LOXSE** marca para a **Área de E.F.** na ESO son 6.-

1. **Coñecer e valorar os efectos que ten a práctica habitual de actividades físicas** no desenvolvemento persoal e **na millora da calidade de vida** (saúde).
2. **Planificar e realizar actividades, previa valoración do estado das súas capacidades** físicas e habilidades motrices.
3. **Aumentar as súas posibilidades de rendemento motor** polo entramento e desenvolvendo actividades de autoesixencia e superación (planteando retos axustados ó nivel de partida).
4. **Ser consecuente co coñecemento do corpo e das súas necesidades,** sendo críticos e **favorecendo as prácticas positivas para a saúde** e desbotando as negativas.
5. **Participar con independencia do nivel de destreza alcanzado.** Desenvolvendo actitudes de cooperación e respecto.
6. **Recoñecer, valorar e utilizar a riqueza expresiva do corpo** e o movemento **como medio de comunicación e expresión creativa.**

Considero que esta U.D. está xustificadísima tendo en conta as recomendacións efectuadas desde a OMS e os obxectivos fixados pola LOXSE para a ESO, que se encontran enmarcados.

## U.D. DO CUIDADO PERSOAL E A SAÚDE

Unha das responsabilidades máis importantes da persoa é manter unha boa saúde. So dispoñemos dun corpo para toda a vida, polo que é importante coñecer as súas necesidades; valorar as súas calidades e aceptalo, procurando conseguir o seu total desenvolvemento e unha relación plena cos demais a través do mesmo.

A saúde debe ser entendida nun sentido **amplo** como o cuidado que as persoas debemos ter para manter en perfectas condicións o noso corpo (saúde corporal) e a nosa mente (saúde mental). Non consiste so en non padecer enfermidades.

**Dentro desta U.D. preténdese concienciar ó alumno da necesidade de poñer en práctica hábitos que repercutan dun modo positivo na súa saúde; desenvolvendo os seguintes apartados.-**

### ✦ **Manter unha correcta alimentación**

- Aparato Dixestivo e interrelación con outros sistemas orgánicos
- Nutrintes
- Metabolismo basal y gasto enerxético
- Cantidade e calidade
  - Distribución e porcentaxe de nutrintes en cada comida
  - Reparto da inxesta
- Enfermidades derivadas dunha mala alimentación

### ✦ **Valorar a importancia do exercicio físico**

- Efectos do exercicio sobre o organismo
- Características do exercicio para que sexa saudable

### ✦ **Coñecer as necesidades de descanso e de relaxación do organismo**

- Sono
- Técnicas de relaxación

### ✦ **Levar a cabo unha correcta hixiene corporal**

- Ducha diaria
- Hixiene bucal
- Hixiene das mans
- **Coidado postural**

### ✦ **Evitar toxicomanías**

- Drogodependencias